CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña

FIJADO: 22/01/18
EL CONSERJE

DESFIJADO:
EL CONSERJE

concello de CARBALLO

2017/E001/000015
Exp. 2018/G003/000142

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 19-01-2018, ditou a resolución con número 132/2018 que deseguido lle notifico:

RESOLUCIÓN

BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA PARA CUBRIR EN PROPIEDADE 1 PRAZA DE INSPECTOR POLICÍA INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2017. MODIFICACIÓN -SEGUNDA- DA BASE SEGUNDA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 20/11/2017 apróbanse as bases específicas e convocatoria para cubrir en propiedade 1 praza de inspector de policía local, incluída na oferta de emprego público do ano 2017, as cales foron publicadas no BOP da Coruña núm. 228 do 30/11/2017.

Posteriormente, á vista do informe de adecuación e axuste á normativa vixente emitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (rexistro de entrada num. 201700000007628 do 12/12/2017), por Resolución da Alcaldía num. 3234/2017, do 15 de decembro, acordouse avocar a competencia delegada e modificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 20/11/2017, polo que se aprobaron as ditas bases específicas e convocatoria para cubrir en propiedade 1 praza de Inspector de Policía, no que se refire a base segunda, apartados segundo (que se modificou) e cuarto (que se suprimiu).

O anuncio da convocatoria publicouse no BOE do 03/01/2018 e o prazo de presentación de instancias (de vinte días naturais) remata o 24 de xaneiro de 2018.

Con data 19/01/2018 (rexistro de entrada núm. 201800000000533) recibiuse un segundo oficio do Director Xeral de Emerxencias e Interior no que se comunica que o dito organismo detectou un erro no Informe desa Dirección Xeral do 04/12/2017 e emendan o dito erro no seguinte sentido:

"Base 2 da convocatoria.

O parágrafo 2.3 da convocatoria, onde recolle a limitación da idade para o pase á situación de segunda actividade, deberá ser eliminado logo do cambio operado pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, que deixa sen efecto a limitación de idade nos procesos selectivos.

O parágrafo 2.4 "Non ter sido sancionado/a por falta grave ou moi grave, ou ter canceladas posibles sancións", deberá ser incorporado á convocatoria ao resultar eliminado como consecuencia do erro sinalado".

A vista do anterior e en uso das competencias atribuídas legalmente polo artigo 21.1.g) da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Avogar a competencia delegada por Decreto da Alcaldía núm. 1938, do 16 de xuño de 2015, na Xunta de Goberno Local, segundo o establecido no artigo 9.6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

Segundo.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 20/11/2017 polo que se aproban as bases específicas e convocatoria para cubrir en propiedade unha (1) praza de Inspector de Policía incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para 2017, así como a Resolución da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Villán Fuertes (NIF: 09764560W) (FECHA: 22/01/2018)
Registro de salida: 2018000000000434 Fecha Registro: 22/01/2018
CVD: cuIBzxiAE1ffT+p1zLkL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña

Alcaldía num. 3234/2017, do 15 de decembro no que se refire a base segunda. O texto das Base segunda quedará como segue:

"2.- REQUISITOS ESIXIDOS

Ademais dos previstos na base terceira das Bases Xerais que rexen esta convocatoria (BOP núm.3 de 05/01/2011), de conformidade co artigo 38 da lei 4/2007, de coordinación de policías locais, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que terán que posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias:

2.1. *Estar en posesión da titulación académica esixida para o acceso como funcionario/a ao subgrupo A2, conforme coa normativa de función pública.*

2.2.- *Ser funcionario/a de carreira de calquera corpo de Policía local da comunidade autónoma de Galicia coa categoría de inspector e ter unha antigüidade na mesma de, cando menos, tres anos.*

2.3. *Non ter sido sancionado/a por falta grave ou moi grave, ou ter canceladas posibles sancións".*

Terceiro.- Acordar a publicación da Base segunda coa dita corrección, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias de **20 días naturais,** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da nova convocatoria no Boletín Oficial do Estado, trala publicación no BOP desta segunda modificación.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde	Secretario
Evencio Ferrero Rodríguez	José Villán Fuertes

Mediante este documento notifícaselle a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretario
José Villán Fuertes

FIRMADO POR José Villán Fuertes (NIF: 09764560W) (FECHA: 22/01/2018)
Registro de salida: 2018000000000434 Fecha Registro: 22/01/2018
CVD: cuIBzxiAEifft+plzLkL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)